

# VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ANISIA MIRANDA E XOSÉ NEIRA VILAS, CONVIDADOS AO XV CERTAME LITERARIO 'A PIPA'

## Noite poética na montaña luguesa

Os escritores Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas son os convidados á cerimonia de entrega de premios do XV certame literario A Pipa, da alta montaña luguesa. A gala será o 27 de decembro no Hostal Herbón de Becerreá, e contará cun recital poético a cargo dos dous autores e mais a representación de cadansúa obra de teatro.

- 15:49 19/12/2006

A velada abriraá, a iso das oito do serán, a cerimonia de entrega dos premios literarios, que estará presentada por Amparo Becerra e Alicia Chao Penela, presidenta do xurado. A continuación, poñerase en escena a primeira obra de teatro da noite, *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, interpretada por Dani Salgado e dirixida por Afonso Becerra. Despois, representarase *A araña tece*, de Anisia Miranda, protagonizada por Laura Cuervo. Entre obra e obra, Marta de Sinllán e Afonso Becerra entrevistarán os dous autores convidados. A noite culminará cun recital poético dos dous escritores e un brinde final.